

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DE CABANA DE BERGANTIÑOS PARA ACOMETER E INCORPORAR AO PATRIMONIO PÚBLICO MUNICIPAL A ACTUACIÓN DE "ABASTECIMENTO A NANTÓN E ANÓS. CABANA DE BERGANTIÑOS (A CORUÑA)"

CABANA DE BERGANTIÑOS, 2 DE XUÑO DE 2023


REUNIDOS

Dunha parte, Ethel María Vázquez Mourelle, conselleira de Infraestruturas e Mobilidade, nomeada polo Decreto 60/2022, do 15 de maio, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro.


Doutra parte, José Muíño Domínguez, alcalde do Concello de Cabana de Bergantiños, no exercicio das atribucións conferidas no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

EXPOÑEN

Primeiro. O Concello de Cabana de Bergantiños ten atribuídas competencias en materia de abastecemento de auga potable, de acordo co establecido nos artigos 25.2 c), 26.1 a) e 86.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, nos termos establecidos pola lexislación da comunidade autónoma, en concreto nos artigos 81 a) e 80.2 l) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración local de Galicia, e nos artigos da lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, que regulan o reparto competencial en materia de abastecemento.




Con referencia a esta última lei, os artigos 5.1 a) e 27.1 establecen como competencia das entidades locais o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario. Ademais, o artigo 27.2 establece a competencia das entidades locais en materia de elaboración e aprobación de proxectos de obras e execución de infraestruturas cando se trate de obras da súa competencia, así como a explotación dos servizos da súa competencia.




Segundo. A entidade pública Augas de Galicia, creada pola Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e regulada polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu estatuto é unha entidade pública empresarial do sector público autonómico de Galicia, adscrita á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar para o cumprimento dos seus fins, e constitúe o medio, xunto co resto de órganos que integran a Administración hidráulica de Galicia, a través do cal a Comunidade Autónoma de Galicia exerce as súas competencias en materia de augas e obras hidráulicas.

Augas de Galicia ostenta competencias en materia de ordenación e planificación do servizo público de abastecemento, así como de coordinación, inspección e control das actuacións das entidades locais que teñen legalmente atribuída a competencia para a prestación do servizo, rexéndose a súa actuación polo principio de garantía de subministración de auga en cantidade e calidade adecuada a todos los núcleos de poboación legalmente constituídos no marco establecido na planificación.

Terceiro. A actuación da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades locais no ámbito do abastecemento terá por finalidade a garantía de subministración de auga en calidade e cantidade axeitada aos núcleos de poboación legalmente constituídos, nos termos establecidos na planificación.




Para a consecución destes e dos restantes fins e obxectivos establecidos en materia de abastecemento, a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato de colaboración entre as entidades locais, que ostentan competencias na materia, e a Comunidade Autónoma de Galicia. A natureza da colaboración pode ser técnica e/ou financeira e articularse a través de diversos mecanismos como son, a participación de Augas de Galicia na construción e explotación de obras que sexan competencia das entidades locais galegas (artigo 11.3 d), e a regulación e ou outorgamento de auxilios económicos ás entidades locais en materias da súa competencia (artigo 26.3).




A Lei 1/2022, do 12 de xullo, de mellora da xestión do ciclo integral da auga, ten por finalidade contribuír a garantir a satisfacción das necesidades básicas do uso da auga, en condicións axeitadas de cantidade e calidade, e a protección dos recursos hídricos e dos ecosistemas acuáticos e terrestres asociados. En concreto, a lei persegue a mellora da eficiencia na prestación dos servizos públicos relacionados co ciclo integral da auga; e establece como un dos principios de actuación na xestión do ciclo integral da auga a cooperación entre as administracións públicas, a través da corresponsabilidade e do cofinanciamento, en función da súa capacidade económica, na programación dos investimentos para a mellora do ciclo integral da auga.

Cuarto. O artigo 57 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e o 194 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia determinan que a cooperación económica, técnica e administrativa entre a Administración Local e as Administracións do Estado e das Comunidades Autónomas, tanto en servizos locais como en asuntos de interese común, desenvolverase con carácter voluntario, baixo as formas e nos termos previstos nas leis, podendo ter lugar, en todo caso, mediante os convenios administrativos que subscriban.

O artigo 198 Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, prevé os convenios de cooperación como mecanismos para, entre outras finalidades, coordinar a execución de obras ou servizos da competencia dunha das partes e adoptar medidas oportunas para acadar finalidade de interese común.



Así mesmo, o artigo 30 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, establece un mandato xeral de colaboración entre administracións coa finalidade de acadar os obxectivos das políticas de abastecemento, saneamento e depuración, para o que dispón a celebración dos convenios precisos, sen prexuízo da utilización doutras posibles técnicas de colaboración.




Quinto. O Concello de Cabana de Bergantiños carece dunha rede municipal de abastecemento de auga potable que garanta a subministración á zona de Nantón, Anós e da zona de implantación do futuro Parque Industrial da Costa da Morte. Trátase dunha zona cunha poboación actual próxima a 1.500 habitantes e cunha demanda potencial importante contando coa implantación do citado Polígono. As necesidades de abastecemento na zona resólvense actualmente de forma individualizada e particular mediante pozos ou captacións en mananciais, en todo caso de escaso caudal cunha calidade e garantía de subministración totalmente deficiente.

Sobre a base do ata aquí exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración de acordo coas seguintes:

/.../segue

CLÁUSULAS


PRIMEIRA. OBXECTO



É obxecto deste convenio establecer as condicións básicas para a colaboración entre Augas de Galicia e o Concello de Cabana de Bergantiños que permitan acometer e incorporar ao patrimonio público municipal a actuación **Abastecemento a Nantón e Anós. Cabana de Bergantiños (A Coruña)**, e para a súa posterior posta en servizo, a súa explotación e a súa conservación e mantemento, nos termos establecidos nas cláusula seguintes.

SEGUNDA. OBRIGAS DE AUGAS DE GALICIA

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, Augas de Galicia obrígase a:

- 
1. Levar a cabo as actuacións consistentes na contratación da execución, dirección das obras e labores de coordinación de seguridade e saúde na fase de construción, a xestión das mesmas ata completar a súa finalización e formalizar os actos de recepción de conformidade co estipulado na lexislación vixente en materia de contratos, e cos efectos sinalados na cláusula sexta.

As actuacións expresadas abarcan, se fose o caso, as execucións de modificacións xustificadas das obras, ata que as construcións merezan a plena conformidade de Augas de Galicia, por producirse o acto formal de recepción e atoparse en condicións de ser entregadas ao concello para a súa incorporación ao servizo e uso público.

2. Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.
3. Controlar a calidade e a seguridade e saúde das obras de referencia durante a súa execución.

4. Durante o prazo de garantía das obras de referencia, realizar os trámites necesarios para que o contratista repare aqueles defectos imputables á súa execución e que se manifesten con posterioridade ao acto de recepción, de conformidade con disposto na lexislación vixente en materia de contratos. Esta garantía non cubrirá os danos por un uso inadecuado das instalacións, nin os debidos a actos vandálicos, nin as deterioracións debidas ao paso do tempo, nin defectos ou danos por incumprimentos da normativa sanitaria ou en materia de vertidos.

5. No ámbito das súas facultades, colaborar co concello no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

TERCEIRA. OBRIGAS XERAIS DO CONCELLO

Para o cumprimento do obxecto deste convenio, o concello obrígase a:

1. Someter o proxecto das obras de referencia a información pública, mediante publicación no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo non inferior a 20 días hábiles, e emitir unha certificación acreditativa de telo sometido a este trámite, á que se xuntará, no seu caso, un informe onde se dea contestación ás alegacións presentadas. No caso de que, debido ao alcance do proxecto ou ás afeccións que produza, o concello entenda que non procede este trámite de información pública emitirá certificación neste sentido.

/.../segue



2. Prestar, con carácter previo á licitación das obras de referencia por parte de Augas de Galicia, conformidade co proxecto redactado. Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.


Financiar as actuacións nos termos estipulados na cláusula quinta.

4. A efectiva posta a disposición de Augas de Galicia antes do inicio das obras, dos terreos necesarios, libres de cargas e gravames e co réxime urbanístico adecuado, para a execución das obras a que se refiren as actuacións descritas na cláusula primeira. Se os terreos non foran propiedade da entidade local, esta deberá tramitar o correspondente procedemento de expropiación forzosa. Neste suposto, con carácter previo ao inicio das obras e en relación con todos os bens afectados, o concello deberá acreditar o pago ou, no seu defecto, a consignación na Caixa Xeral de Depósitos do depósito previo á ocupación e da indemnización polos prexuízos derivados da rápida ocupación.

5. Asumir a realización das xestións pertinentes, ante os organismos que correspondan, para a obtención dos permisos, licencias e autorizacións regulamentarias, correndo cos custos que se xeren, entre os que non habrá liquidación ningunha de tributo municipal, a que puidera dar lugar a execución das obras, ao ser o concello o titular destas; asumindo tamén o pagamento de calquera taxa, canon ou imposto, de carácter non local, derivado da construción ou explotación das obras de referencia.

No caso de que o proxecto das obras de referencia requira o seu sometemento a trámites de avaliación ambiental, asumir a condición de órgano promotor e substantivo ante o órgano ambiental competente, realizándose de xeito simultáneo ao trámite de información pública.

6. Recibir as obras e, como titular das mesmas, asumir a súa posta en servizo, explotación e conservación durante un prazo mínimo de cinco anos desde o pagamento final ao beneficiario.



7. A utilización das instalacións executadas de acordo coa finalidade prevista.
8. No ámbito das súas facultades, colaborar con Augas de Galicia no desempeño das súas obrigas e afrontar e intentar resolver, conforme aos principios de boa fe e lealdade, calquera dificultades ou problemas que poidan xurdir no desenvolvemento da actuación, tendo como único criterio da súa xestión, o logro dos obxectivos que se pretenden alcanzar con esta obra hidráulica.

CUARTA. OBRIGAS EN RELACIÓN A MODIFICACIÓN DAS OBRAS

No caso de que durante a execución das obras de referencia fora necesario modificalas, as citadas modificacións serán aprobadas por Augas de Galicia, previa conformidade do concello. No caso de que supoña un aumento no importe previsto no convenio deberá tramitarse unha addenda, de conformidade co disposto na cláusula undécima.

Noutro caso, Augas de Galicia poderá deixar sen efecto os compromisos adquiridos neste convenio, sen mais trámites que a comunicación ao concello.

Con respecto a estas hipotéticas modificacións, Augas de Galicia e o concello acordan que sexa de aplicación o mesmo réxime establecido nas cláusulas segunda e terceira deste convenio.

/.../ segue

QUINTA. RÉXIME DE FINANCIAMENTO E OBRIGAS DE CARÁCTER ECONÓMICO

1. O custo total das actuacións de referencia contempladas neste convenio ascenden a un millón trescentos sesenta e tres mil novecentos oitenta e un euros con setenta e catro céntimos (1.363.981,74 €), distribuídos nas seguintes anualidades:


	AUGAS DE GALICIA	CABANA DE BERGANTIÑOS	TOTAL
2023	46.951,57 €	5.216,84 €	52.168,41 €
2024	1.079.886,20 €	119.987,35 €	1.199.873,55 €
2025	100.745,80 €	11.193,98 €	111.939,78 €
TOTAL	1.227.583,57 €	136.398,17 €	1.363.981,74 €

2. Para financiar a súa achega referida na cláusula QUINTA.1, Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado na conta 230 "Investimentos xestionados para outros entes públicos" do Plan Xeral de Contabilidade Pública de Galicia.

Unha vez adjudicados todos os contratos necesarios para cumprir co obxecto deste convenio, Augas de Galicia poderá liberar o saldo non comprometido para a execución dos ditos contratos.

3. Para o financiamento deste convenio, o concello de Cabana de Bergantiños achegou a Augas de Galicia a documentación contable que acredita a disposición de crédito adecuado e suficiente conforme ás anualidades establecidas na cláusula quinta.1. Así mesmo, unha vez asinado o convenio e como requisito previo á licitación do contrato de obra, o concello de Cabana de Bergantiños achegará a Augas de Galicia a documentación contable en fase de disposición de gasto (fase D) que recolla a súa achega económica de **136.398,17 €**.

4. As baixas do orzamento que se produzan como consecuencia da adxudicación dos concursos de execución das obras de referencia e dos seus contratos asociados repercutiranse proporcionalmente entre as partes.




Do mesmo xeito, os incrementos derivados de posibles modificacións do proxecto de execución destas obras así como das eventuais liquidacións definitivas serán asumidas polas partes ata a cantidade máxima fixada nesta cláusula.

5. O Concello aboará a súa achega na conta que Augas de Galicia indique ao efecto, do seguinte xeito:

- Na anualidade **2023**, o concello aboará a cantidade de **5.216,84 €**, no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitude de Augas de Galicia na que se xuntará a resolución de adxudicación da actuacións obxecto do convenio.


- Na anualidade **2024**, o concello aboará a cantidade de **119.987,35 €**, no primeiro trimestre do ano sen necesidade de requirimento previo de Augas de Galicia.



- Na anualidade **2025**, o concello aboará a cantidade de **11.193,98 €**, no prazo máximo dun mes dende a recepción da solicitude de Augas de Galicia na que se xuntará o xustificante do pagamento das certificacións das obras e de todas as certificacións dos contratos asociados a estas.


No caso de impago, remitirase o importe íntegro da débeda, de conformidade co establecido nos artigos 61 e seguintes da Lei 6/2022, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2023, ao órgano competente para o inicio do procedemento de compensación desta débeda coa participación que ao Concello lle corresponda no Fondo de Cooperación Local e posterior retención nas entregas a conta.

SEXTA. TITULARIDADE DAS OBRAS E POSTA A DISPOSICIÓN




O concello adquirirá a titularidade das obras de referencia e asumirá a súa posta en servizo, mantemento, explotación e conservación xa que a execución das obras de referencia trae causa, en definitiva, do exercicio dunha competencia de carácter local e da súa vinculación á prestación dun servizo tamén de competencia local, sendo a actividade desenvolvida por Augas de Galicia, de acordo co establecido neste convenio, de colaboración financeira.

Augas de Galicia comunicará ao Concello o remate das obras e a súa recepción en conformidade e as porá á súa disposición para o efectivo cumprimento das obrigas de explotación, conservación e mantemento asumidas neste convenio.



O Concello será convocado previamente ao acto de posta a disposición, que se celebrará seguidamente ao da recepción das obras por Augas de Galicia, e a entrega documentarase na acta que se emita a tal efecto asinada polos representantes de ambas administracións.



No obstante o anterior, e de selo caso, Augas de Galicia poderá cursar notificación ao Concello na que se deixe constancia do remate das obras e da súa recepción en conformidade, poñéndoas á súa disposición. A recepción desta notificación equivalerá á entrega das obras e o Concello resultará responsable da súa explotación, conservación e mantemento a partir da dita data.

O anterior será de aplicación igualmente no caso de que se produzan recepcións parciais das obras.

/.../segue

SÉTIMA. RELACIÓN LABORAL

A subscripción deste convenio non implica relación laboral, contractual nin de calquera outro tipo, entre os profesionais que desenvolvan as actividades e a entidade pública empresarial Augas de Galicia, de tal xeito que non se lle poderá atribuír responsabilidade ningunha, nin directa, nin subsidiaria, polos actos ou feitos ocorridos no desenvolvemento deste.

OITAVA. COMISIÓN DE SEGUIMIENTO

Constituirase, a iniciativa de calquera das partes, unha comisión formada por dous representantes de Augas de Galicia e outros dous representantes do Concello para desenvolver as seguintes actuacións:

- Impulsar e avaliar o cumprimento deste convenio, propondo as actuacións que se consideren precisas.
- Interpretar, en caso de dúbida, o contido do convenio.
- Proponer ás partes a resolución das posibles controversias que puideran xurdir na aplicación do convenio.

Actuará como presidente un dos representantes de Augas de Galicia, con voto de calidade.

Esta comisión reunirse as veces que se estimen oportunas para o cumprimento do convenio.

/.../segue

Os membros desta comisión de seguimento poderán asistir ás reunións desta acompañados do persoal técnico que consideren oportuno. Ademais, cando se considere oportuno, a comisión de seguimento poderá requirir a asistencia técnica necesaria para a avaliación e análise das distintas cuestións sobre as que se van adoptar acordos.

NOVENA. NATUREZA DO CONVENIO

Este convenio de colaboración ten natureza administrativa, rexendo na súa interpretación e desenvolvemento o ordenamento xurídico-administrativo.

Todo litixio, controversia ou reclamación resultantes deste convenio ou relativo a este, á súa interpretación ou execución, ao seu incumprimento, resolución ou nulidade, resolverase polos órganos da xurisdición contencioso-administrativa.

DÉCIMA. VIXENCIA DO CONVENIO

O convenio terá efectos desde a data da súa sinatura e estenderá a súa vixencia ata o 31.12.2025. Porén, seguirá producindo efectos en tanto se manteñan as obrigas pendentes de cada unha das partes recollidas neste convenio.

UNDÉCIMA. MODIFICACIÓN DO CONVENIO

Calquera modificación no contido deste convenio, requirirá acordo entre Augas de Galicia e o Concello e tramitarse a través dunha addenda ao convenio. Non obstante, non se considerará modificación deste instrumento convencional a distribución interna entre as anualidades establecidas do crédito en principio determinado para cada unha delas, sempre que non se incremente o seu importe global, previa formalización de acordo entre as partes que recolla a conformidade no novo reparto de anualidades.

DUODÉCIMA. EXTINCIÓN DO CONVENIO

Se é causa de extinción automática do convenio:

- o cumprimento do seu obxecto
- o transcurso do seu prazo de vixencia

Este convenio tamén poderá extinguirse por incorrer nalgunha das seguintes causas de resolución:

- o mutuo acordo entre as partes asinantes
- a inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes
- a inviabilidade financeira da actuación como consecuencia de atrasos na licitación e/ou adxudicación das obras.

A resolución con causa nalgún dos supostos anteriores non levará asociada indemnización a ningunha das partes.

Ademais, será causa de extinción por resolución o incumprimento do contido do Convenio ou das obrigas establecidas para cada unha das partes, sen prexuízo da esixibilidade dos danos e responsabilidades imputables ao causante, que, no seu caso, incluíra a indemnización que lle corresponda ao contratista como consecuencia da resolución do contrato ou demora no inicio ou execución das obras. Neste suposto, antes da resolución do convenio, a outra parte deberá notificar á parte incumpridora un requirimento cun prazo máximo para que leve a cabo os compromisos que se consideran incumpridos. Unha vez transcorrido ese prazo, se persiste o incumprimento, a parte que dirixiu o requirimento notificará á outra parte a concorrencia da causa de resolución e entenderase resolto o convenio.

No suposto de que o Convenio se extinga por causas imputables ao Concello, as instalacións executadas ata ese momento se porán a disposición do Concello, considerándose a tódolos efectos entregadas ao Concello titular das mesmas, con efectos liberatorios para Augas de Galicia.


Non obstante todo o anterior, se cando concorra calquera das causas de resolución do convenio existen actuacións en execución, as partes, a proposta da Comisión de Seguimento, poderán acordar a continuación e finalización das actuacións en curso que se consideren oportunas, establecendo un prazo improrrogable para a súa finalización. Neste caso, durante o transcurso deste prazo, as cuestións relativas á titularidade das obras e a cesión da posesión rexeranse polo disposto na cláusula sexta deste convenio.

DÉCIMO TERCEIRA. RESPONSABILIDADE POR INCUMPRIMENTO DO DEREITO DA UNIÓN EUROPEA

De acordo co previsto no artigo 5.4 do Real decreto 515/2013, polo que se regulan os criterios e o procedemento para determinar e repercutir as responsabilidades por incumprimento do Dereito da Unión Europea, o réxime de obrigas e responsabilidades por incumprimentos que contén este convenio, considerase instrumento axeitado para a determinación das correspondentes responsabilidades.


/.../segue

DÉCIMO CUARTA. PROTECCIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL



As partes asinantes obríganse ao cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e demais normativa vixente de aplicación en cada momento en materia de protección de datos.

DÉCIMO QUINTA. PUBLICIDADE



A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso das partes asinantes para incluír e facer públicos os datos persoais que consten no convenio e do resto de especificacións contidas nel, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

DÉCIMO SEXTA. MEDIDAS ANTIFRAUDE

1. É de aplicación a este convenio o Plan específico de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da entidade pública empresarial Augas de Galicia, que pode consultarse na seguinte ligazón:

https://augasdegalicia.xunta.gal/c/document_library/get_file?file_path=/portal-augas-de-galicia/plans/resto_plans/PlanMedidasAntifraudeAugasdeGalicia.pdf.

/.../segue



Aguas de Galicia empregará como canle de denuncias o sistema posto en funcionamento, a disposición da cidadanía, a partir do 1 de xaneiro de 2022, no Sistema Integrado de Atención á Cidadanía (SIACI) en https://www.xunta.gal/sistema-integrado-de-atencion-a-cidadania?langId=gl_ES,

onde os cidadáns poden denunciar calquera irregularidades ou condutas de fraude. A presentación de denuncias nesta canle, que precisará da identificación electrónica da persoa denunciante para evitar suplantacións ou denuncias automatizadas, será tratada pola administración autonómica garantindo o anonimato da persoa denunciante, de xeito que os órganos que deban investigar a denuncia non coñezan a identidade do denunciante.

A canle, ademais da cidadanía, poderá ser utilizada polos empregados públicos para presentar medidas de mellora dos procedementos ou das accións antifraude. Tamén na canle poderanse denunciar incidencias que sexan realizadas por empresas ou por beneficiarios de subvencións.

No punto de acceso electrónico á canle de denuncias, situado en SIACI, figurará unha declaración da Xunta na que constará expresamente que, con independencia da necesaria identificación electrónica para a presentación da denuncia, os datos serán tratados anonimadamente mediante tecnoloxías de información para garantir a indemnidade da persoa denunciante e evitar calquera tipo de eventual represalia sobre ela, en termos semellantes aos establecidos na directiva europea.

A xestión da canle de denuncias corresponderá á Dirección Xeral de Simplificación Administrativa.

3. A investigación e tratamento das denuncias presentadas axustarase ao disposto nos puntos 2.3.2 e 2.3.3 do Plan Xeral de Prevención de Riscos de Xestión e Medidas Antifraude da Xunta de Galicia.

E para que así conste, en proba de conformidade coas cláusulas deste convenio,
as partes asinan este documento no lugar e na data do encabezamento.

A presidenta de Augas de Galicia



Ethel María Vázquez Mourelle

O alcalde do
Concello de Cabana de Bergantiños



José Muíño Domínguez